

ACTA Nº 66**ASEMBLEA EXRTRAORDINARIA**

Acta da Asemblea extraordinaria, celebrada o día 21 de novembro de 2021, ás 11:00 horas en Vigo, no salón de actos do Edificio das Federacións Deportivas, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

NOME E APELIDOS

D. Víctor Manuel Rivera Diz
D^a. Andrea Cabaleiro Veloso
D^a. María Irene Vilaboa Fernández
D. Pablo Agustín Rodríguez Castro
D. Fabián González Barreiro
D. Abel Estévez Carrera
D. Francisco José Gayoso Rivera
D^a. María González Lago
D. Óscar Fernández Martínez
D. José Pérez Rodríguez
D^a. María Prelchi Gallego
D. Rubén Fernández Reinaldo
D. Andrés Senra Pregal
D. Iván Reinaldo Vallejo
D^a. Ariadna López Rivera
D. Aurelio Krook Moldes
D^a. Rebeca González Vázquez
D. José Ricardo Vázquez García
D. Constantino Vila Feijoo
D^a. Yolanda Rodríguez Vaqueiro
D. Mario López González
D. José Antonio Rodríguez Fraga
D. Emilio Pintos Soto
D. Anxo Otero Sieiro
D. Miguel Ángel Barbeira García
D. Pascual Alejandro Bartolomé Verdeal
D^a. Silvia Lobato Limeres
D^a. Montserrat Rey Salorio

ESTAMENTO

Estamento Arbitral
Estamento Arbitral
Moaña
Tui
Estamento Xogadores
Bm Porriño
Bm Ferrolterra
Bm Chapela
Bm Luceros
Estamento Arbitral
Seis Do Nadal
Bm Cañiza
Atl. Novás
CDC Ribeiro
Bm Narón
SAR
Pab Ourense
Ribadosar
Xogador
Bm Caselas
Bm Lalín
EB Xiria
SD Teucro
Estamento Adestradores
Xallas
Arteixo
Meaño
Atlántico

Preside a mesma o Presidente da Federación Galega de Balonmán D. Bruno López Molina, estando na mesa a Secretaria Xeral D^a Carla Abad Alonso, e os vicepresidentes D. Fernando Mosquera Pérez e D. Jesús Varela Martínez.

Toma a palabra o Presidente D. Bruno López Molina, saúda e agradece a asistencia de todos os estamentos presentes na asemblea; comenta que en principio tratarase dunha asemblea breve cun contido maioritariamente económico, xa que tan só hai catro propostas; tamén transmite que calquera

tema que non corresponda coas propostas debe tratarse na quenda de rogos e preguntas, que se alongará ata que a asemblea o considere necesario.

O presidente informa do sistema de votación, xa que se realizará ao mesmo tempo entre os asistentes presentes na sala e os/as que estaban de xeito virtual, que o farán a través de aplicación, publicándose os resultados en tempo real.

O presidente desculpa a ausencia da tesoureira da federación, pero argumenta que é debido a unha causa xustificada, por atoparse nun estado de xestación avanzado, estando fóra de contas.

Bruno López, comeza informando da situación da Xunta Directiva, na que dende o mes de agosto houbo varios cambios; Carla Abad Alonso ocupou o posto de M^a Luisa Sueiro Cardoso, que deixou o cargo de Secretaria Xeral por cuestións persoais e iniciativa propia; Jesús Varela Martínez asumiu unha das vicepresidencias e Fernando Conde Fariña ocupou un dos postos de vogal na área de balonmán praia.

En canto á situación laboral da federación, o presidente comentou que o comezo de tempada parecía que ía ser máis complicado do esperado por coincidir coas baixas laborais dende comezos de outubro de M^a Luisa Sueiro e Patricia Sanmiguel, finalmente o persoal en activo cumpriu coas expectativas e sacou o traballo incluso con máis axilidade que noutras tempadas anteriores. En decembro está prevista a xubilación de Mariluz, tratándose da persoa que máis tempo leva na federación e que nos últimos meses foi un gran apoio no traballo diario, Bruno López deixa claro que sen ningunha dúbida merece unha despedida a altura do seu compromiso e dedicación ao balonmán galego, por este motivo, a federación pedirá colaboración a todos os estamentos para realizar un acto á altura das circunstancias. O presidente comenta que a Federación Galega de Balonmán ten prevista a incorporación de María Fresco, colaboradora do departamento de comunicación, para paliar a baixa de Patricia Sanmiguel e Mariluz Sanromán.

En canto ao informe de evolución das competicións con respecto á tempada 20-21, o presidente aclarou que a nova tempada deu comezo antes que nunca, que foi duro comezar porque se arrastraba moito esforzo da tempada anterior; comenta que este ano, se a Covid da un respiro, está previsto que no mes de maio se pechen todas as competicións autonómicas de pista, o cal permitirá unha mellor organización e optimización dos recursos existentes para preparar a tempada 22-23.

O presidente afirma que dende a federación son conscientes de que hai que pulir detalles nos formatos de competición, sobre todo entre a Copa Galicia e os Play Off, xa que a posibilidade de que os clubs que participan con dous equipos poidan renunciar a xogar o Play Off cun deles, fai que se rompa a distribución de grupos e complica o respectar os cabezas de serie indicados nas bases; estes temas está previsto que se traten na Asemblea Ordinaria de final de tempada.

O Presidente comenta que nos vindeiros días se pedirá aos clubs que teñan xogadores/as e adestradores/as coas seleccións galegas xuvenil masculina e cadete feminina, busquen unha data alternativa para os encontros do 18 e 19 de decembro, xa que eses dous combinados dispoñen dunha invitación para disputar un torneo en Portugal, un torneo que se presenta atractivo de cara á preparación do CESA 2022 que terá lugar en Murcia do 3 ao 8 de xaneiro.

O Presidente fala sobre o seguro seportivo, comenta que a pesar da polémica que se tentou trasladar dende algún medio de comunicación respecto ao seguro, a día de hoxe, dende a federación somos conscientes de que hai aspectos a mellorar, pero a calidade/prezo é boa, e somos unha das poucas federacións que na póliza recolle a cobertura das LANT. A federación é consciente de que nos últimos meses houbo dous casos descartados por parte do seguro co argumento da preexistencia, pero en canto se falou coa compañía aseguradora arranxáronse; a aseguradora amosouse comprensiva pero trasladou

diferentes casos de “mal uso do seguro” por parte dos federados/as, houbo moitas casuístas cuestionadas pola aseguradora provocadas polo descoñecemento ou falla de interese mostrado por parte dos federados/as no funcionamento do protocolo de tramitación de sinistros; este é un tema no que a federación é consciente de que debemos mellorar, e traballárase nese sentido, ao mesmo tempo deixase claro que os servizos médicos da federación deben ser os primeiros en recibir o parte médico e en ser informados da alta deportiva. A Federación Galega de Balonmán asume que ten que seguir máis de preto os casos de sinistros de gravidade e o presidente pide desculpas se nalgún caso non foi así.

O presidente pregunta se alguén ten algunha dúbida respecto ao comentado, ninguén plantexa ningunha cuestión e da paso ás propostas.

PROPOSTA 1

O presidente explica que a federación pasou unha auditoría realmente dura, algo que a pesar de coincidir coa época de maior traballo e poucos recursos humanos, é de agradecer, xa que hai cuestións que se descoñecían, e a partir desde proceso se poderán pulir e axudará a evitar incidencias futuras.

A tesoureira da federación, na súa labor de directiva, colaborou activamente durante o proceso auditor, detectando un erro na periodificación no pago do seguro deportivo, contabilizando nun primeiro momento un importe de 59.000€ e pasando despois da revisión a 23.000€, este feito afecta ao resultado do exercicio, pasando dun positivo de 147.000€ a 106.424,41€. Cabe destacar que esta incidencia foi detectada pola propia federación e trasladada á auditoría, feito que se recolleu nas incidencias detectadas. Detectouse tamén un erro á hora de contabilizar unhas facturas arbitraris no ano 2021; o erro ven de que o servizo arbitral se realizou en decembro de 2020 e a solicitude de gastos por parte dos árbitros se realizou en 2021, deste xeito as facturas xeráronse con data 2021 en lugar de 2020. A empresa auditora apuntou tamén unha serie de correccións na memoria económica relacionadas con erros de “copia” e “pega”, cifras nas que influía a periodificación do seguro, ausencia de notas tipo que deben figurar na memoria e algún erro na utilización dalgúns termos, por exemplo “Fondo Social” en lugar de “Capital Social”, etc...; a federación realizaba a memoria seguindo a estrutura das xa existentes e parece ser que tiñan certos aspectos a mellorar.

Neste caso, aínda que non sería necesario, a Xunta Directiva da Federación Galega de Balonmán preferiu someter a votación de novo as contas, para publicalas sen ningún erro e tendo en conta os apuntes da empresa auditora. O presidente da paso á votación:

“Aprobación de contas anuais 2020 coas correccións realizadas pola empresa auditora BDO Auditores B.S.L.”

RESULTADO VOTACIÓN: SI: 28 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0

Queda APROBADA a proposta Nº 1.

PROPOSTA 2

En relación ao presuposto do ano 2022, o presidente comentou que o incremento con respecto ao ano anterior será dun importe próximo aos 400.000€, e débese sobre todo aos eventos de especial relevancia: CESA de praia, Xira de Balonmán na Rúa, Arena 1000, etc...

O presidente comentou as diferentes partidas previstas tanto de ingresos coma de gasto; deixou lugar a preguntas pero ninguén presentou dúbidas. Sometese a votación a proposta 2:

“Aprobación presuposto ano 2022”.

RESULTADO VOTACIÓN: SI: 27 NON: 0 ABSTENCIÓN: 1

Queda APROBADA a proposta Nº 2.

PROPOSTA 3

O presidente comentou que a día de hoxe, o feito de convocar a un xogador/a que se atope de baixa médica tan só tiña repercusión en canto á cobertura do seguro, pero que dende o punto de vista federativo tamén debería ter consecuencias deportivas, xa que deste xeito evitaríamos problemas que están a xurdir coa compañía aseguradora.

O representante do Bm. Ribadosar preguntou se tan só afectaría a xogadores/as ou tamén aos membros do staff; comentou que el ao ter contratados aos monitores se un colle a baixa laboral non podería sentarse no banco. Bruno López comentou que a norma afecta sobre todo a xogadores/a, xa que desgraciadamente o grao de profesionalización no nosos deporte non é alto, e salvo casuísticas especiais, os adestradores/as non deberían verse afectados. Sometese a proposta a votación:

“Engadir un punto novo dentro do apartado a) no articulo 24 do NOREBAGA

“Que estando de baixa médica por lesión sexan aliñados en partido de competición oficial sen ter recibido a alta médica”

RESULTADO VOTACIÓN: SI: 28 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0

Queda APROBADA a proposta Nº 3.

PROPOSTA 4

O presidente comenta que a Proposta 9.1 do estamento arbitral, aprobada por Asemblea Ordinaria de 10 de Xullo de 2021, esixe que os clubs de 1ª autonómica masculina e Feminina dispoñan dun ordenador con datos e conexión a internet válida e operativa a disposición do equipo arbitral. Non se fixou sanción para o caso de incumprimento, polo que se propón e sometese a votación:

“Fixar unha sanción de multa de 30 euros por encontro no que non se cumpran as esixencias indicadas”.

RESULTADO VOTACIÓN: SI: 21 NON: 4 ABSTENCIÓN: 2

Queda APROBADA a proposta Nº 4.

O presidente agradece a axilidade da asemblea e da paso a quenda de rogos e preguntas comentando que a federación ten a intención de recuperar a Gala de Premios Anual do Balonmán Galego, ao que o representante do estamento arbitral, José Pérez engadiu que sería bo recoñecer a labor de Begoña Pedrido en prol do balonmán galego.

O representante da S.D. Teucro fixo fincapé nos apercibimentos recibidos pola calidade e formato de gravación dos vídeos; ao que o presidente respondeu deixando claro que na última semana recibiran varias queixas ao respecto, era un tema que se estaba a revisar e tentarían que non volveuse a ocorrer, enténdese que o esforzo dos clubs é grande neste aspecto e o afán da federación non é de recadar, ademais comentouse que se estaba a traballar en alternativas para poder colaborar cos clubs neste sentido.


A presidenta do Seis do Nadal e do Balonmán Xallas comentan varias cuestións que se poderían mellorar na plataforma de xestión de licenzas, de cara ás tramitacións e a realización de convocatorias; a Secretaria Xeral comenta que tomou nota ao respecto e que esta mesma semana serán trasladadas estas incidencias á empresa Toools.

O presidente do Bm. Tui comentou como estaba o tema da modificación do protocolo, que aínda que eles eran partidarios de seguir coa máscara si sería bó aclarar certas cuestións relativas ao control de aforos; o presidente respondeu que a partir da vindeira semana se enviaría unha modificación que liberase aos clubs de certas cuestións que a normativa autonómica xa non esixe.

O presidente pregunta se hai algún tema máis que tratar, varios assembleístas comentan que non e péchase a sesión agradecendo a participación e a unión amosada.



D. Bruno López Molina



D.ª. Carla Abad Alonso

En Vigo a 23 de novembro de 2021